

REXISTRO DE INSCRICIÓN ACTIVIDADES DEPORTIVAS CONCELLO DE PADRÓN 2015-2016

| | |
|-------------------|--|
| NÚMERO DE ENTRADA | |
|-------------------|--|

NORMATIVA XERAL DAS ACTIVIDADES

1.- LUGAR E PRAZO DE MATRÍCULAS

As solicitudes faranse na oficina municipal de deportes (C.Social) de 09:30 a 13:30h. de luns a venres, do 7 ó 18 de setembro para as persoas empadroadas no Concello de Padrón, e a partir do 21 de setembro aberto a todas as persoas da comarca (empadroadas e non empadroadas).

2.- COMEZO E DURACIÓN

As actividades darán comezo o luns 21 de setembro e finalizarán o 17 de Xuño do vindeiro ano. As mesmas descorrerán de acordo co calendario escolar e polo tanto cos períodos de vacacións e festividades vinculados o mesmo. No obstante, neses períodos de vacacións programaranse dende o departamento de deportes alternativas para non interrompir completamente a práctica de actividade física.

3.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Para solicitar a inscrición, será preciso presentar o rexistro de inscrición cuberto, conxuntamente co resgardo de pago no que figurará o nome e apelidos do usuario ou usuarios (no caso de acollerse a cota familiar) e o concepto de "actividades deportivas concello de Padrón 2015-2016". Tamén será preciso engadir a anterior documentación 1 foto e fotocopia do DNI. No caso de acollerse a cota familiar deberá presentarse tamén unha fotocopia do libro de familia. **En ningún caso se recollerá a solicitude de inscrición de xeito illado sen o correspondente resgardo de pagamento.**

4.- COTAS

As cotas son válidas para toda a tempada (setembro 2015 - xuño 2016). Non obstante, poderanse plantexar actividades diferentes as ofertadas inicialmente que requiran o pago doutras tarifas. As actividades ó aire libre Camiñatas e Chave serán de balde.

| | |
|--|-----------|
| ESCOLARES (3-16 anos) | 40 Euros |
| XOVES (17-25 anos) | 50 Euros |
| ADULTOS (+26 anos) | 60 Euros |
| FAMILIAR (Parella e descendentes menores de 18 anos) | 120 Euros |

5.-SOLICITUDE DE ACTIVIDADES

Os usuarios terán dereito a disfrutar das actividades programadas. Os mesmos terán dereito a elixir aquelas que considere máis axeitadas, para o que deberán solicitalas no rexistro de inscrición. Así como avance a tempada o usuario poderá tanto darse de baixa nalgunha como engadir outras o cal deberá ser notificado na oficina de deportes. As actividades solicitadas deberán respetar os grupos de idade as que van dirixidas. Poderán facerse excepcións para favorecer a dinámica da actividade. **Nas actividades con varios grupos (spinning, pilates...) soamente se permitirá a inscrición nun deses grupos.**

6.-RESTRICCIÓN DE ACCESO

Para acceder as actividades será preciso ter feita a solicitude de inscrición de xeito previo. No obstante poderá solicitarse autorización na oficina de deportes para desfrutar dun período de proba dunha semana. O acceso as actividades, virá motivada polas limitacións da instalación e o material preciso para desenrolala. Nese senso non se pode garantir o acceso a todas as actividades solicitadas.

7.- ANULACIÓN DE ACTIVIDADES

O departamento de deportes reservarase o dereito a anular unha actividade que non presente unha demanda mínima para facer un grupo. Asemade, e posible que por diferentes motivos se anule ou cambie de actividade un día puntual, o cal de ser previsible se comunicará verbalmente na clase anterior, ademais de anunciarse nun sitio visible da instalación.

8.- DURACIÓN E CARACTERÍSTICAS DAS ACTIVIDADES

Todas as actividades terán unha duración de 55 minutos salvo as que xa aparecen reflectidas no calendario, e aquelas que se desenrolen baixo soporte musical (aerobic, spinning,...) na que a duración será de 45 min. Dado o gran abano de alternativas dispoñibles, e imposible expor todas as condicións polas que debe discorrer cada actividade. Nese senso poderán recibir a oportuna información de cada unha delas na oficina de deportes, ou directamente a través do monitor da actividade.

Calquera circunstancia non contemplada nesta normativa, resolverase segundo criterio do Departamento de Deportes.

Departamento de Deportes
Concello de Padrón
Telf.: 981 81 13 29

